



Resolución do 9 de maio de 2019, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca o Premio Proxecta de Innovación Educativa 2019 para os centros docentes públicos admitidos no Plan Proxecta durante o curso escolar 2018/19.

O Plan Proxecta, como liña de actuación de innovación educativa, contempla entre os seus obxectivos a posta en valor daquelas experiencias que promovan unha mellora na calidade do proceso educativo, a través de metodoloxías enfocadas cara a aprendizaxe competencial. Así mesmo, a propia resolución do Plan Proxecta reconece as boas prácticas desenvolvidas polos centros e a súa transferencia a outras realidades educativas.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no seu artigo 90, dispón que as comunidades autónomas poderán reconecer e premiar o labor didáctico ou de investigación de profesores e centros, facilitando a difusión entre os distintos centros escolares dos traballos ou experiencias que mereceron ese reconecemento pola súa calidade e esforzo.

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, dispón, no artigo 6, as estratexias metodolóxicas para traballar as competencias na aula, ofrecendo orientacións para facilitar o desenvolvemento desas estratexias no anexo II. Entre estas orientacións, destaca a metodoloxía por proxectos como unha das máis importantes.

A Resolución do 26 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, regula o Plan Proxecta e establece as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2018/19. Por Resolución do 29 de novembro de 2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación procedese a facer





pública a relación definitiva de centros docentes seleccionados en cada programa educativo do Plan Proxecta durante o curso escolar 2018/19.

De acordo co anteriormente exposto,

RESOLVO:

Apartado 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Esta resolución ten por obxecto establecer as bases de participación e convocar o Premio Proxecta de Innovación Educativa 2019 para os centros docentes públicos admitidos na convocatoria da Resolución do 26 de setembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regula o Plan Proxecta e se establecen as bases para a participación dos centros docentes sostidos con fondos públicos dependentes desta consellería durante o curso escolar 2018/19.

Apartado 2. Categorías de participación

Establécense dúas categorías de participación, en función das etapas educativas:

- **Categoría A:** educación infantil e primaria.
- **Categoría B:** educación secundaria obrigatoria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de réxime especial.

Cada unha das categorías comprende aqueles centros que integren as ensinanzas indicadas: colexios rurais agrupados, centros de educación especial, colexios de educación infantil e primaria, colexios de educación primaria, centros públicos integrados, institutos de educación secundaria, centros integrados de formación profesional, centros públicos de educación e promoción de adultos e centros de ensinanzas de réxime especial.

Cada centro poderá presentarse a unha única categoría.

Apartado 3. Premios e dotación económica

Concederanse, para cada categoría, cinco premios: un primeiro, un segundo, un terceiro e dous accésits, polos importes que figuran na táboa seguinte:



Xacobeo 2021





Categorías	Premio	Importe
A	1º premio	5.000 €
	2º premio	4.000 €
	3º premio	3.000 €
	accésit	1.000 €
	accésit	1.000 €
B	1º premio	5.000 €
	2º premio	4.000 €
	3º premio	3.000 €
	accésit	1.000 €
	accésit	1.000 €
	TOTAL	28.000 €

Os premios regulados nesta convocatoria serán atendidos con cargo á aplicación orzamentaria 10.20.423A.640.1 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, dos orzamentos de 2019, por un importe total de 28.000 €.

Os premios poderán ser declarados desertos no caso de que non se atope a calidade suficiente para outorgalos. Con carácter excepcional, e por acordo motivado, a comisión de selección poderá determinar a redistribución da contía de premios declarados desertos entre o resto de centros premiados.

Este premio é compatible coa concesión de calquera outro de que sexa beneficiario o centro.

Apartado 4. Prazo e lugar para a presentación das solicitudes e documentación

Cada centro docente poderá presentar unha soa solicitude de participación nestes premios.

O prazo de presentación de solicitudes e documentación comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución na web da Consellería (<http://www.edu.xunta.gal/portal/>) e rematará o 31 de maio de 2019.

A solicitude e documentación deben presentarse en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de novembro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Para os efectos de envío de solicitudes, o rexistro do centro non ten validez.





Ademais, deberase adiantar a través do correo electrónico unha copia da solicitude selada polo Rexistro, que será enviada antes do remate do prazo de solicitude ao seguinte enderezo electrónico: planproxecta@edu.xunta.es

Apartado 5. Documentación

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación da seguinte documentación:

1. Solicitude dirixida ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa asinada pola persoa responsable da dirección do centro, segundo o modelo do Anexo desta convocatoria.
2. Certificación, asinada pola persoa responsable da dirección do centro, na que figuren os datos (nome, apelidos e DNI) do profesorado que se presenta ao premio (como máximo serán tres docentes) e que estarán prestando servizo no centro durante o curso 2018/19. Entre estes docentes designarase unha persoa coordinadora, que se responsabilizará da documentación e a organización da información que se incorpore á memoria que se presente.
3. Certificación de que o centro conta con autorización para o uso das imaxes dos menores participantes no traballo, se as houber. Este documento tamén o asinará a persoa responsable da dirección do centro.
4. Memoria descritiva da integración da aprendizaxe competencial e da metodoloxía por proxectos a través da participación do centro no Plan Proxecta en calquera das súas convocatorias.

A memoria estará elaborada polo equipo de docentes que se presenten a este premio. Deberá estar redactada en lingua galega, ocupará unha extensión aproximada de 20 páxinas numeradas, tipografía arial 11, interlineado 1,5. Poderanse incluír fotografías, gráficos e ligazóns. Presentarase en calquera formato dixital e axustarase á seguinte estrutura:

- Portada (título, categoría de participación, código do centro, nome do centro, concello e provincia).
- Índice (paxinado).





- Xustificación (descripción dos méritos que fan o centro candidato á concesión deste premio).
- Traxectoria e participación no Plan Proxecta (indicación dos programas desenvolvidos, profesorado e alumnado implicado -homes e mulleres- nos cursos en que se participase desde o 2012/13 ata o 2018/19).
- Descrición do proxecto que se considere máis salientable:
 - Contexto. Expresarase a necesidade ou dificultade que motivou a posta en práctica do proxecto e o seu vínculo co contexto socioeducativo do alumnado.
 - Profesorado implicado. Descrición das funcións realizadas polo profesorado.
 - Aprendizaxe activa. Descrición das estratexias empregadas para favorecer a participación activa do alumnado. Se é o caso, inclúiranse as medidas adoptadas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
 - Transcendencia. Implicación do resto da comunidade educativa: familias, Concello, ONG, asociacións etc.
 - Produto final. Descrición e visibilización dos elementos elaborados no proceso de aprendizaxe.
 - Avaliación. Valoración do logro acadado polo alumnado, profesorado e mais polo resto da comunidade educativa no desenvolvemento do proxecto. Farase fincapé nas repercusións organizativas, pedagóxicas e programáticas da metodoloxía do traballo por proxectos. Indicarase tamén as perspectivas de mellora do proxecto de cara ao futuro.
 - Impacto. Visibilidade do proxecto, presenza pública a través dos medios de comunicación, nas redes sociais e publicacións, exposicións etc.

Apartado 6. Comisión de selección

A comisión de selección estará formada por:





- Presidencia: subdirector xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: xefatura de servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa e tres persoas asesoras do servizo de Ordenación, Convivencia e Participación Educativa, unha delas actuará como secretaria.

Esta comisión poderá contar co asesoramento das persoas responsables dos programas educativos con presenza nos proxectos descritos polos centros docentes na memoria.

Apartado 7. Criterios de valoración

A valoración realizarase unicamente a través da memoria presentada a esta convocatoria. Valoraranse todos aqueles aspectos que describan accións concretas, metodoloxías aplicadas e logros acadados coa participación nos distintos programas do Plan Proxecta. Non se valorarán aspectos retóricos, descricións baleiras e teorías pedagóxicas sen visibilidade da súa aplicación na aula co alumnado.

Os criterios de valoración para a concesión dos premios serán:

1. Aspectos formais (presentación, claridade, orde...) e lingüísticos (ata 15 puntos).
2. Calidade do contido: descrición das actividades realizadas e recursos (ata 25 puntos)
3. Visibilidade do proceso de aprendizaxe no desenvolvemento dos proxectos (ata 10 puntos).
4. Integración da metodoloxía por proxectos no centro (ata 20 puntos).
5. Nivel de implicación da comunidade educativa: profesorado, alumnado e outros colectivos (ata 10 puntos).
6. Non ter recibido premio Proxecta 2018 con dotación económica (15 puntos).
7. Ter participado nalgunha convocatoria anterior ao curso 2018/19 no Plan Proxecta (5 puntos).

Apartado 8. Resolución

A comisión de selección, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas, emitirá unha resolución provisional dos premios concedidos. Esta resolución provisional poderá





consultarse no portal educativo da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (<http://www.edu.xunta.es>).

A partir do día seguinte ao da publicación da resolución provisional dos premios, abrirase un prazo de cinco días hábiles para presentar as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas. Unha vez revisadas esas alegacións ou reclamacións, a comisión elevará a proposta definitiva de resolución dos premios concedidos ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen ditará resolución.

A resolución definitiva de concesión de premios, na que se indicarán os centros gañadores e o importe asignado a cada un deles, publicarase no portal educativo <http://www.edu.xunta.es>

O prazo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións desta resolución será de tres meses, e comezará a contar desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo sen que se dite resolución expresa, os/as interesados/as poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpor recurso de alzada perante a conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación na web desta consellería, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Apartado 9. Certificación do profesorado

O profesorado implicado dos centros premiados nesta convocatoria recibirá unha certificación de premio de innovación educativa cunha equivalencia de 30 horas de formación permanente do profesorado para a persoa coordinadora e 20 horas para o profesorado participante.

Apartado 10. Pagamento dos premios





O pagamento do importe correspondente aos premios farase en base ao seguinte procedemento:

1. As contías asignadas por estes premios serán transferidas aos centros nun único pagamento, no período correspondente ao exercicio económico 2019.
2. O importe concedido a cada centro premiado deberá destinarse a sufragar gastos que estean debidamente xustificados e imputables á participación do centro no Plan Proxecta.
3. Os gastos teñen que realizarse na súa totalidade antes do 31 de decembro de 2019. A súa xustificación farase a través da contabilidade xeral do centro ata o 31 de xaneiro de 2020.

Apartado 11. Difusión dos proxectos

A presentación a esta convocatoria implicará, no caso dos traballos premiados, o compromiso de participación nas accións de difusión que se organicen, así como a cesión a favor da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional dos dereitos de edición. Estes materiais difundiranse baixo a licenza “Creative Commons”, que combine as propiedades “recoñecemento” e “compartir igual”.

No caso de que os/as autores/as decidisen publicar os traballos premiados por outras vías, deberán solicitar o permiso correspondente á Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. De ser a resposta positiva, na publicación deberá constar expresamente o premio concedido.

Os/as autores/as quedarán comprometidos a realizar as modificacións precisas nos documentos finais e/ou subministrar os ficheiros de código fonte necesarios para que poidan ser publicados total ou parcialmente no formato máis axeitado.

Apartado 12. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia - Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional- coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.





2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación e a norma que a desenvolve, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

3. A sinatura e presentación da solicitude implica o consentimento para o tratamento dos datos persoais.

4. A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Os datos de contacto coa persoa delegada de protección de datos están accesibles no seguinte enderezo <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>

6. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais.

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

